



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 3 de decembro de 2021 (1112/1102)**

**ASISTENTES:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día tres de decembro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal, e a xefa do Servizo de Aseoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1076).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(1077).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL UBICA SERVICIOS DE LOCALIZACIÓN, S L U. EXPTE. 8370/106.**

Visto o informe xurídico do 30/10/2021 e o informe de fiscalización do 02/12/2021, dáse conta do informe-proposta do 29/10/2021, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Lei 7/85, do 2 de abril das bases de réxime local na redacción conferida pola Lei 27/2013 do 27 de decembro de 2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local establece que o municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas e, entre outras materias, información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e promoción da cultura e ocupación do tempo libre. No ámbito destas competencias o Concello de Vigo é consciente da crecente importancia da turismo comercial, e, con motivo do Nadal, é unha situación tradicional dotar á cidade de Vigo dunha iluminación especial e realización da actividades durante estas datas que contribúan a incrementar o seu atractivo para o cidadán e afluencia de visitantes o que contribúe ao fomento dos intercambios comerciais.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

A Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais do Concello de Vigo ten entre os seus principais obxectivos, a través do servizo de Festas Especiais, a programación de festas tradicionais e acontecementos que supoñan manifestacións de valores culturais, históricos, sociais e de tradición popular, con especial consideración das súas características etnolóxicas. Estes eventos revisten unha especial importancia como elementos socializadores e de atractivo turístico, fomentando a dinamización do comercio local e contribuindo ao movemento económico e a difusión da marca de cidade de Vigo.

A Festividade de Nadal do municipio de Vigo é considerada un dos eventos máis importantes do ano ao xerar un importante atractivo turístico-comercial e de recoñecida tradición na cidade. A dinamización e ambientación das zonas comerciais nestas datas constitúen elementos clave que contribúen ao impulso da economía, xerando un atractivo que potencia indubidablemente o sector turístico e de ocio. Durante os últimos anos, o Nadal olívico estase a consolidar como unha festa de recoñecido prestixio nacional e internacional. A aposta do goberno local pola Campaña de Nadal e o seu posterior impacto nos medios de comunicación converteuse nun factor de atracción de visitantes inédito, incrementándose ano a ano número de viaxeiros, como se pode constatar nos diferentes rexistros dos organismos oficiais. A creación dun espazo temático propio con iluminación, ornamentación, exposicións e actividades de ocio e comercialización constitúe un pilar fundamental do Nadal olívico, baseado na mestura de tradición, socialización e reactivación da economía local, que estende o seu impacto á área metropolitana da cidade e norte de Portugal.

A empresa Ubica Servicios de Localización, S L U, axencia de comunicación que traballa para a plataforma Netflix, ten interese, con motivo da Programación de Nadal, en instalar unha esfera infable, en cuxo interior se albergará a imaxe dun monstro en metade da neeve.



## Concello de Vigo

Netflix é unha empresa de entreteñemento e servizo por subscrición estadounidense que opera a nivel mundial a través dunha plataforma en liña, que, a día de hoxe, conta con máis de 200 millóns de clientes en todo o mundo. “The Witcher” é unha serie de fantasía localizada nun mundo medieval no que o protagonista é un bruxo que mata monstros a cambio de cartos. Creada para Netflix, esta saga épica de monstros, maxia e destino conta cun gran número de adeptos tras a emisión da primeira tempada. Así, e ante o inminente estreo da segunda tempada a mediados do mes de decembro, a prestixiosa plataforma lanza una serie de estratexias de publicidade e marketing enfocadas a captar a atención de novos seguidores.

Conforme ao establecido no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público consta memoria xustificativa da necesidade, oportunidade, impacto económico e carácter non contractual perseguidos polo convenio de colaboración e borrador do convenio.

A subscrición do Convenio non supón a cesión de titularidade de competencias e está excluído do ámbito de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (artigo 6.2).

Os contidos do articulado do convenio cumpre ao establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A celebración deste convenio non xera un gasto novo distinto ao xa previsto nos presupostos do Concello polo que non se derivan da subscrición do convenio gastos adicionais, xerando un gasto de consumo de enerxía eléctrica cuantificado en 3.68kW durante un período de funcionamento de 744 horas, que supón un consumo enerxético máximo no período de funcionamento de 2.737,92 kWh, ao que lle corresponde un custe económico, tendo en conta os prezos municipais da enerxía eléctrica dos subministros do Concello de Vigo, de 662.58€, que irán con cargo que á partida 1650 2210000 (subministro enerxía eléctrica alumeadado público).

Polo exposto elévase a Xunta de Goberno Local como órgano competente para a aprobación de calquera programa/plan/proxecto campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencias municipais conforme a Resolución da Alcaldía de data 18.06.2018 correspondendo a formalización do convenio ao concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais en virtude da delegación conferida por Resolución da Alcaldía de data 26.06.2019

Polo expostos sométese á Xunta de Goberno local a seguinte proposta

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a mercantil UBICA SERVICIOS DE LOCALIZACIÓN, S L U.

SEGUNDO.- Notificar ao interesado.

TERCEIRO.- Dar traslado á Concellería-Delegada da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais aos efectos da formalización do convenio polo concelleiro delegado

CUARTO.- Proceder a publicación do convenio no Portal de Transparencia conforme o disposto no artigo 8.1.b da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E UBICA SERVICIOS DE LOCALIZACIÓN, S L U**

En Vigo, na Casa do Concello , xx de novembro de dos mil vinte e un

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Anxo Rivas González, na súa calidade de concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais do Concello de Vigo (CIF P-3605700- H), con dirección en Praza do Rei s/n de Vigo, no exercicio das facultades delegadas por Resolución de Alcaldía de data 26 de xuño de 2019

Doutra parte, D. Alberto Sandín García, con DNI 47017959- W en representación da mercantil Ubica Servicios de Localización, S L U. con CIF B-84421601 e domicilio en c/Rafael Herrera, 9, Madrid

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a firma deste protocolo, EXPOÑEN

I.- - A lei 7/85, do 2 de abril , das bases de réxime local na redacción conferida pola Lei 27/2013 do 27 de decembro de 2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece que o Municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas e, entre outras materias, información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local" e promoción da cultura e ocupación do tempo libre.

No ámbito destas competencias o Concello de Vigo é consciente da crecente importancia do turismo comercial, e con motivo do Nadal é unha situación tradicional dotar á cidade de Vigo dunha iluminación especial durante as festas de Nadal, dentro da programación cultural que se desenvolve durante estas festas, ao obxecto de realzar a beleza da mesma, facela máis atractiva para o cidadán e o visitante e contribuír ao fomento dos intercambios comerciais. Neste sentido o Concello de Vigo tendo en conta estes aspectos decidiu comprometerse na execución dunha política activa de desenvolvemento do turismo comercial de forma que a decoración e iluminación do Nadal converteuse nunha das iniciativas máis recoñecidas, aceptadas e eloxiadas polos comerciantes, a cidadanía e os visitantes, de maneira que non só é unha tradición que ornamenta a cidade senón que ademais contribúe a xerar emprego, incentivar a actividade comercial, o sector hostaleiro, a restauración, o turismo, o uso do transporte público e a dinamización económica local.

II .- Que a empresa Ubica Servicios de Localización, S L U axencia de comunicación que traballa para a plataforma Netflix, ten interese, con motivo do Programa de Nadal, en instalar unha esfera inflable, en cuxo interior se albergará a imaxe dun monstro en metade da neve.



## Concello de Vigo

Netflix é unha empresa de entretemento e servizo por subscrición estadounidense que opera a nivel mundial a través dunha plataforma en liña, que, a día de hoxe, conta con máis de 200 millóns de clientes en todo o mundo. “ The Witcher” é unha serie de fantasía localizada nun mundo medieval na que o protagonista é un bruxo que mata monstros a cambio de diñeiro. Creada para Netflix, esta saga épica de monstros, maxia e destino conta cun gran número de adeptos tras a emisión da primeira tempada. Así, e ante a inminente estrea da segunda tempada a mediados do mes de decembro, a prestixiosa plataforma lanza unha serie de estratexias de publicidade e márketing enfocadas a captar a atención de novos seguidores.

III.- Que ambas as partes están interesadas en colaborar e cooperar na promoción do Nadal en Vigo. Por todo iso, ambas as partes consideran oportuno subscribir o convenio e formalízano conforme as seguintes,

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRO.- OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre o Concello de Vigo e Sitúa Servicios de Localización, S L U para a promoción do nadal mediante a instalación dunha esfera inflable, en cuxo interior se albergará a imaxe dun monstro en metade da neve e que contribúen á finalidade do Concello de Vigo para a mellora da promoción do turismo comercial da Cidade de Vigo.

#### SEGUNDO.- COMPROMISOS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto do presente Convenio as partes asumen os seguintes compromisos.

a) Ubica Servicios de Localización, S L U, comprométese a:

- Instalar na rúa Progreso, 40 unha **esfera inflable de PVC** de 6,30 metros de alto por 6,30 m de diámetro en planta, sobre unha base decorativa de porexpan sobre a que se ocultan instalacións, en cuxo interior se dispón un corpóreo de **Dimengel** de 4 metros de altura. A esfera contén, ademais, un compresor de aire para mover no seu interior bolitas de porexpan imitando efecto de neve e toma de corrente para o funcionamento do compresor e da iluminación led do conxunto.
- Solicitar autorización de dominio público ante o Servizo de Seguridade e presentar os proxectos técnicos que, no seu caso, sexan necesarios.
- A montaxe comezaría o 8 de decembro e o demonte estaría previsto para o 7 de xaneiro.
- A empresa comprométese a dispoñer dun equipo de mantemento as 24 horas, que se acudirá no lugar en caso de calquera.
- A empresa comprométese a dispoñer de seguridade as 24 horas que estará en contacto directo co persoal de mantemento.

b) O Concello de Vigo comprométese a:

- Autorizar a ocupación de vía pública ocupada pola esfera inchable sen custo.
- Asumir o custo derivado do consumo de enerxía eléctrica cuantificado en 3.68kW durante un período de funcionamento de 744 horas, que supón un consumo enerxético máximo no período de funcionamento de 2.737,92 kWh, ao que lle corresponde un custo económico, tendo en conta os prezos municipais da enerxía eléctrica das subministracións do Concello de Vigo, de 662.58€.

Tanto o contido como a creatividade de cada un dos elementos promocionais ou de comunicación relacionados co presente Convenio ou coas accións que contempla, en calquera das súas formas, requirirá acordo entre as partes previo ao uso ou envío dos citados elementos. Na difusión e publicidade de calquera das actividades levadas a cabo no marco deste Convenio deberán figurar as dúas entidades asinantes, garantíndose a visibilidade de ambas as en todas as intervencións de calquera forma na que estas se produzan. En todo caso, deberase respectar o disposto na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeneral de Publicidade e na Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeneral da Comunicación Audiovisual.

### **TERCEIRO.- FINANCIAMENTO**

A firma do presente Convenio non comportará gasto para o Concello de Vigo, excepto o derivado do pago do consumo de enerxía eléctrica cuantificado en 3.68kW e que irá con cargo á partida 1650 2210000 ( subministro enerxía eléctrica alumeado público).

Os custos que asumirá Ubica Servicios de Localización, S L U, pola súa banda limitaranse aos derivados da instalación das esfera inchable e a contratación dos equipos de mantemento e seguridade.

Mediante este Convenio Ubica Servicios de Localización, S L U queda exento do pago de taxas por ocupación do espazo público e de calquera outro gasto que non quede especificado neste documento.

A posta ao dispor de recursos ou medios materiais por ambas as partes en aras á consecución do fin común que se persegue a subscrición do Convenio non supón a asunción de ningunha obrigaón económica por ningunha das partes, debido a que son medios xa existentes e o seu uso con destino a esta actuación non supón un incremento dos custos destinados aos mesmos, nin implica gastos extraordinarios e a súa utilización non supón achegas dinerarias ou a asunción de compromisos financeiros suxeitas á lexislación vixente en materia orzamentaria, senón que son obrigaóns a executar que non requiren dunha achega dineraria, o que leva consigo a innecesaridad da súa valoración para os efectos do “impacto económico” a que alude o artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### **CUARTO.- Publicidade e comunicación. Uso de propiedades das Partes.**

Ao ser as Partes coñecedoras dos valores asociados ás súas respectivas marcas, calquera comunicado ou publicidade do previsto neste Acordo ou de calquera dos aspectos do mesmo deberá ser previamente aprobado polas Partes por escrito.

En particular, o Concello de Vigo recoñece e acorda que o nome “ Netflix”, as marcas, logos, personaxes e deseños e toda outra propiedade intelectual ou industrial titularidade de Netflix ou de calquera das compañías pertencentes á plataforma Netflix e de Ubica Servicios de Localización, S L U en diante Propiedades Netflix, é extremadamente valiosa e que un uso non autorizado ou impropio desta poderá causar un dano substancial a Netflix nin a Ubica Servicios



## Concello de Vigo

de Localización, S L U. O Concello de Vigo non utilizará, máis aló do expresamente autorizado por Netflix, xa sexa de forma directa ou indirecta, as Propiedades Netflix en ningunha das súas campañas de publicidade, promoción, comercio ou outros comunicados ou discusións ou para expresar ou implicar calquera tipo de endoso ou proba dos servizos ou produtos do Concello de Vigo ou dun terceiro, de calquera forma ou para calquera propósito, salvo expresa autorización de Netflix ou de Ubica Servicios de Localización, S L U por escrito. A presente prohibición inclúe, sen que iso implique unha limitación, os comunicados de prensa, listas de clientes e calquera publicación do Concello de Vigo.

Os anteriores dereitos detallados nas cláusulas precedentes terminarán na data de finalización do Convenio, polo que ningunha das partes poderá realizar ningún uso dos elementos de propiedade intelectual ou industrial da outra parte con posterioridade á finalización do Convenio.

Cada unha das partes conservará a plena titularidade sobre calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial que lles correspondan e unicamente entenderanse cedidos aqueles dereitos que o sexan de forma expresa e por escrito ao longo da vixencia do mesmo.

Neste sentido, as partes recoñecen a plena titularidade de Ubica Servicios de Localización, S L U sobre a esfera inchable e sobre os dereitos de propiedade intelectual da mesma, así como sobre os elementos preexistentes sobre os que se baseará a mesma, como bosquexos, representacións e creacións ou fixacións destas de calquera outro tipo.

### **QUINTO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constituirase unha Comisión Mixta entre o Concello de Vigo e a empresa Ubica Servicios de Localización, S L U, presidida pola Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue e formada por dous representantes do Concello de Vigo e outros tantos da a empresa Ubica Servicios de Localización, S L U actuando como secretario/a, con voz e sen voto, un funcionario/a de o Concello de Vigo.

Os acordos asumidos recolleranse en acta que dará constancia das decisións adoptadas.

- Son funcións desta Comisión Mixta as seguintes:

- a) Estudar e valorar as propostas de actuación
- b) Resolver as dúbidas de interpretación que poidan derivarse das cláusulas deste Convenio para o bo desenvolvemento do mesmo.
- c) Efectuar o seguimento dos procedementos administrativos tramitados en desenvolvemento deste Convenio.

### **SEXTO.- PROTECCIÓN DE DATOS**

Todas as actuacións derivadas da presente colaboración realizaranse con suxeición ao regulado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE e demais normativa que sexa de aplicación en materia de protección de datos.

### **SÉTIMO.- VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente protocolo terá un prazo de vixencia desde a data da súa firma e ata a finalización do programa de nadal 2021-2022 en data 9 de xaneiro de 2022.

Con todo, ambas as partes estudarán a posibilidade de futuras colaboración en proxectos futuros de Netflix e de Ubica Servicios de Localización, S L U na cidade.

## **OCTAVO- RESOLUCIÓN**

O presente protocolo poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia
2. Por mutuo acordo das partes
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
4. Por denuncia dalgunha delas, que deberá ser comunicada cun preaviso de quince días.

## **NOVENO-NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE EN CASO DE LITIXIO**

O presente Convenio de colaboración ten carácter administrativo e rexerase polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e conforme o disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o mesmo atópase excluído do seu ámbito de aplicación xa que o obxecto do convenio non constitúe unha prestación onerosa (intercambio de prestacións) se non, unha colaboración para a consecución dun fin común.

En todo caso, e de conformidade co artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, as dúbidas ou lagoas que na interpretación e execución do presente Convenio puidesen suscitarse, resolveranse aplicando os principios contidos na devandita lei.

Todas as cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, modificación, resolución e efectos derivados do cumprimento, interpretación e aplicación do presente Convenio que non puidesen ser resoltas polas persoas designadas polas partes como responsables do bo fin do mesmo, serán sometidas aos órganos xudiciais da xurisdición contenciosa administrativa.

E en proba de conformidade co contido do presente Convenio, asínano por duplicado as partes en data e lugar indicados no cabezal, rubricando cada unha das páxinas de que consta.

## **ANEXO - Uso de Materiais Netflix**

Netflix ou Ubica Servicios de Localización, S L U pode, á súa enteira discreción, proporcionar ou poñer ao dispor do Concello de Vigo logotipos, material cinematográfico, traballo de arte, imaxes de personaxes, gravacións de son, anuncios en calquera soporte, copyrights e outros materiais que Netflix ou Ubica Servicios de Localización, S L U considere apropiados (os "Materiais Netflix") para o seu uso exclusivo e non transferible por parte do Concello de Vigo cos fins previstos no Convenio a que acompaña este anexo (o e no deseño, a creación e o desenvolvemento dos elementos relacionados co mesmo. O Concello de Vigo non cambiará, modificará nin reproducirá os Materiais de Netflix e non utilizará (nin autorizará a outros a que o fagan) os Materiais Netflix



## Concello de Vigo

de ningunha maneira que non sexa a que se indica, de forma específica, no Convenio e sexa autorizada caso por caso por Netflix ou Ubica Servicios de Localización, S L U.

Toda produción de elementos que incorporen ou estean baseados en Materiais Netflix ou calquera uso destes, está supeditado á autorización escrita de Netflix ou Ubica Servicios de Localización, S L U antes da produción e o uso definitivos.

Os Materiais Netflix non poderán ser utilizados en ningún outro contexto ou actividade distinta ao obxecto do Convenio ou distinta aos termos en que a autorización fose concedida.

Unha vez aprobado un uso dos Materiais Netflix conforme ao previsto neste anexo, en caso de resultar necesario, o Concello de Vigo encargará a fabricación ou produción dos elementos que incorporen os Materiais Netflix a un dos provedores autorizados de Netflix ou Ubica Servicios de Localización, S L U salvo que Netflix acordase outra cousa por escrito. O Concello de Vigo concluirá os seus propios acordos contractuais co devandito provedor autorizado. Durante o prazo de vixencia de Convenio, o Concello de Vigo deberá informar a Netflix regularmente do estado de produción dos elementos que incorporen Materiais Netflix.

O Concello de Vigo garante que todo uso e todos os elementos que incorporen Materiais Netflix cumpren e deben cumprir enteiramente con calquera leis, regulamentos e normas, códigos de prácticas, estándares voluntarios da industria, leis asociativas ou outras obrigacións, incluíndo, a título meramente enunciativo, as políticas de calquera comisión, axencia ou outra autoridade gubernamental relacionadas coa seguridade dos produtos de consumo, así como todos os estándares voluntarios da industria que conteñan normas relativas a publicidade, márketing, impostos, dereito laboral, dereito do consumidor, seguridade dos produtos de consumo, dereito da competencia e/ou mercantil; e deben ser seguros para nenos de calquera idade (a menos que se notifique debidamente no artigo ou na súa embalaxe que non é apropiado para nenos de determinada idade).

As autorizacións dadas por Netflix ou Ubica Servicios de Localización, S L U conforme a este Convenio, sexan de natureza creativa ou relativas a especificacións técnicas, de ningunha maneira limitarán ou atenuarán a completa e total responsabilidade do Concello de Vigo pola calidade e seguridade do uso e os elementos que el provea, nin constituirán ou implicarán unha opinión de Netflix ou Ubica Servicios de Localización, S L U sobre a conformidade dos usos e os produtos aprobados coas normas aplicables.

O Concello de Vigo non poderá outorgar dereitos, títulos de propiedade ou intereses sobre ningún copyright nin outros dereitos relativos aos Materiais Netflix.

Sen prexuízo do requisito de previa aprobación por escrito de Netflix, o Concello de Vigo deberá atender e cumprir en todo momento as guidelines ou guías de uso e estilo que, no seu caso, Netflix ou Ubica Servicios de Localización, S L U facilítenlle e que determinan como han de utilizarse as propiedades de Netflix e Ubica Servicios de Localización, S L U incluídas nos Materiais Netflix.

En todos os elementos en que se incorporen Materiais Netflix, de conformidade con este Convenio, deberá figurar nun lugar adecuado a notificación de copyright na forma indicada por Netflix ou Ubica Servicios de Localización, S L U.

O Concello de Vigo recoñece e acorda que o nome “ Netflix”, as marcas, logos, personaxes e deseños e toda outra propiedade intelectual pertencente a Netflix ou Ubica Servicios de Localización, S L U ou dalgunha das súas compañías afiliadas ou subsidiarias é extremadamente valiosa e que un uso non autorizado ou impropio da mesma podería causar un dano substancial a Netflix ou Ubica Servicios de Localización, S L U. Concello de Vigo non utilizará xa sexa en forma directa ou indirecta o nome “ Netflix” ou calquera variación do mesmo (xa sexa en forma individual, en conxunto ou como parte doutra palabra ou nome) nin o nome de calquera compañía subsidiaria ou afiliada de Netflix, como así tampouco ningún dos personaxes ou deseños pertencentes a Netflix ou Ubica Servicios de Localización, S L U ou dalgunha das súas compañías relacionadas, afiliadas ou subsidiarias en ningunha das súas campañas de publicidade, promoción, comercio ou outros comunicados ou discusións ou para expresar ou implicar algún tipo de endoso ou proba dos servizos ou produtos do Concello de Vigo ou dun terceiro, xa sexa de calquera forma ou para calquera propósito, salvo expresa autorización de Netflix por escrito.

As disposicións deste anexo manteranse vixentes despois do vencemento ou terminación anticipada do Convenio.

### **3(1078).- RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR CCOO DE GALICIA, CONTRA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MESTRES GOLDAR-CASTRELOS. EXPTE. 25377/332.**

Dáse conta do informe-proposta de data 02/11/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.



## Concello de Vigo

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de xestión da escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de xestión da escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelosc (PPT).

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 29 de outubro de 2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de xestión da escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** En data 2 de novembro de 2020, a empresa adxudicataria do contrato en vigor, Colegio Los Milagros SL, remite novo escrito (doc 210219871/0) no que adxunta unha relación de traballadoras actualizada da Escola Infantil Municipal Mestres Goldar ao detectarse a falta duna trabadora na relación facilitada, relación que se incluíu como Anexo 3 do PPT do expediente 25.377-332.

**Terceiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria 5 de novembro de 2021, rectificou o Anexo 3 do prego de prescricións técnicas, acordando:

*"Substituír o Anexo 3.- "Información esixida polo artigo 130 da LCSP" - Relación de persoal que actualmente presta os seus servizos na escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos do PPT no expediente 25.377-332, de conformidade coa información aportada pola empresa actualmente adxudicataria da xestión da citada escola infantil no seu escrito de data 02/11/2021".*

**Cuarto.-** O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 5 de novembro de 2021 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e rematará o día 3 de decembro de 2021.

**Quinto.-** En data 26 de novembro de 2021, D. Ramón Hermida Mosquera, en nome e representación do sindicato CCOO de Galicia, en escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación.

**Sexto.-** En data 26 de novembro de 2021, o servizo de Contratación municipal comunica por correo electrónico ao TACGAL a interposición do recurso, e o día 30 remítelle o expediente.

**Sétimo.-** Colegio Los Milagros SL, presentou oferta a este procedemento o día 30 de novembro do ano en curso.

**Oitavo.-** En data 1 de decembro de 2021, o técnico do servizo de Educación, co conforme da xefa do servizo, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recurrente no escrito de recurso.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Obxecto deste recurso especial en materia de contratación**

É obxecto da presente impugnación dos pregos que rexen o procedemento aberto do servizo de xestión da escola infantil municipal Mestres Goldar-Castrelos.

**-II-**

### **Lexislación aplicable**

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



## Concello de Vigo

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

### **Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso**

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituido, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

#### -IV-

#### **Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

**A)** En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos dictados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.



## Concello de Vigo

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

**B)** En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais. Citaremos por todas a Resolución 17/2020 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta De Andalucía:

*“Con carácter previo al estudio de la cuestión de fondo, procede abordar la legitimación de la organización sindical recurrente para la interposición del presente recurso especial contra la resolución del órgano de contratación, de 27 de diciembre de 2019, por la que se adjudica el presente contrato a la entidad FERROVIAL. Sobre lo anterior, el artículo 48 de la LCSP establece «Podrá interponer el recurso especial en materia de contratación cualquier persona física o jurídica cuyos derechos o intereses legítimos, individuales o colectivos, se hayan visto perjudicados o puedan resultar afectados, de manera directa o indirecta, por las decisiones objeto del recurso». En lo relativo a las organizaciones sindicales el citado precepto en su párrafo segundo dispone «Estarán también legitimadas para interponer este recurso, contra los actos susceptibles de ser recurridos, las organizaciones sindicales cuando de las actuaciones o decisiones recurribles pudiera deducirse fundadamente que estas implican que en el proceso de ejecución del contrato se incumplan por el empresario las obligaciones sociales o laborales respecto de los trabajadores que participen en la realización de la prestación». Sobre la legitimación activa de las organizaciones sindicales para la interposición del recurso especial en materia de contratación este Tribunal ha partido (v.g. Resolución 165/2018, de 1 de junio) de la doctrina del Tribunal Constitucional (SSTC 358/2006, 153/2007, 202/2007, y 33/2009, entre otras) que arranca de un reconocimiento abstracto o general de la legitimación de los sindicatos para impugnar las decisiones que afecten a los trabajadores, funcionarios públicos y personal estatutario. Ahora bien, también indica dicho Tribunal que esa genérica legitimación abstracta o general de los sindicatos ha de tener una proyección particular sobre el objeto de los recursos que entablen ante*

los Tribunales mediante un vínculo o conexión entre la organización que acciona y la pretensión ejercitada, pues, como ya se dijo en la STTC210/1994, «la función constitucionalmente atribuida a los sindicatos no alcanza a transformarlos en guardianes abstractos de la legalidad, cualesquiera que sean las circunstancias en que ésta pretenda hacerse valer».

También se debe tener en cuenta sobre esta cuestión la Sentencia de la Audiencia Nacional 348/2016, Sala de lo Contencioso administrativo, sección cuarta de fecha 6 de julio de 2016, que dispone: «En relación con el concepto de interés legítimo sobre el que gravita el reconocimiento de legitimación existe una acabada jurisprudencia del Tribunal Supremo, incluso referida al alcance con el que cabe reconocerla a los sindicatos en el ámbito de la jurisdicción contencioso-administrativa. Según esta jurisprudencia (por todas STS de 17 de mayo de 2005, rec. cas. 5111/2002, dictada precisamente en materia contractual), la legitimatio ad causam de la parte recurrente viene determinada por la invocación en el proceso de la titularidad de un derecho o interés legítimo que suponga una relación material entre el sujeto y el objeto de la pretensión, de manera que la estimación del recurso produzca un beneficio o la eliminación de un perjuicio que no necesariamente ha de revestir un contenido patrimonial. Esta ventaja ha de ser concreta y efectiva. No es suficiente, como regla general, que se obtenga una recompensa de orden moral o solidario, como puede ocurrir con la mera satisfacción del prestigio profesional o científico inherente a la resolución favorable al criterio mantenido o con el beneficio de carácter cívico o de otra índole que lleva aparejado el cumplimiento de la legalidad. Así, el Tribunal Supremo ha insistido en que “la relación unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión (acto impugnado), con la que se define la legitimación activa, comporta el que su anulación produzca de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (perjuicio) actual o futuro, pero cierto (sentencia de este Tribunal Supremo de 1 de octubre de 1.990), y presupone, por tanto, que la resolución administrativa pueda repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien alega su legitimación, y, en todo caso, ha de ser cierto y concreto, sin que baste, por tanto su mera invocación abstracta y general o la mera posibilidad de su acaecimiento”». En esta línea se han pronunciado otros órganos de resolución de recursos contractuales; así el Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid en su Resolución 63/2019, de 13 de febrero, indica sobre esta cuestión que: «se debe entender que la legitimación de la organización sindical solo será admisible cuando se dé una relación directa e incuestionable con la defensa de los intereses corporativos de los trabajadores afectados». Por otro lado, el Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en su Resolución 331/2019, de 29 de marzo, analiza la legitimación de una organización sindical que impugnaba -como en el presente supuesto- la adjudicación de un contrato, llegando a la siguiente conclusión: «en la regulación de la LCSP, por tanto, la legitimación de las organizaciones sindicales se reconoce exclusivamente en



## Concello de Vigo

*el supuesto de que se impute a la actuación recurrida un eventual o futuro incumplimiento por parte del empresario de sus obligaciones sociales o laborales respecto de los trabajadores que participen en la realización de la prestación”*

É dicir, as organizacións sindicais deben probar un interese en sentido propio, específico e cualificado no acto impugnado, non un xenérico de defensa dos traballadores.

Neste caso, CCOO afirma que o orzamento de licitación fixado polo Concello para a contratación non é suficiente xa que non garante o cumprimento por parte da empresa que resulte adxudicataria as súas obrigas laborais cos traballadores adscritos ao

servizo durante o período de execución do contrato. Queda probado que o obxecto do recurso ten unha clara incidencia no ámbito xurídico dos traballadores, xustificando o interese colectivo que representa a organización sindical recorrente en defensa dos dereitos laborais afectados pola contratación proxectada.

**C) Como requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral dese Concello, que o remitiu ao TACGAL no mesmo día.

**D)** Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro deste Concello en data 26 de novembro. Dado que o anuncio publicouse no DOUE o día 5 de novembro de 2021, o recurso foi presentado en prazo..

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso. No entanto, e por se o Tribunal acorda admitir o recurso analizaremos nos fundamentos xurídicos seguintes os motivos de impugnación esgrimidos polo recorrente.

-V-

#### **Motivos de impugnación da resolución recorrida**

O escrito presentado polo sindicato CCOO contén unha única alegación. Considera *“que se deben anular os Pregos do presente concurso en base a que non existe unha correcta desagregación dos custos laborais do contrato e que o orzamento da licitación está por tanto incorrectamente calculado, o que determina que a prestación sexa economicamente inviable e, en consecuencia, que se vaian a incumprir polo adxudicatario os seus deberes laborais. Consideramos que hai erros no cálculo da partida de custos de persoal que aparece na Memoria económica que impiden que se poida realizar o servizo en base a un prezo de mercado actualizado, de acordo aos custos salariais e condicións do XII Convenio de Centros de Asistencia e Educación Infantil”*.



## Concello de Vigo

E xustifica este extremo alegando que nos custes laborais non se tiveron en conta os seguintes extremos:

- 10 días de vacacións adicionais (artigo 35 do Convenio).
- Importe das horas de formación (artigo 59 do Convenio).
- Ningún importe de absentismo.
- Non está actualizado conforme a disposición transitoria do Convenio.
- Non se contempla a antigüidade das traballadoras con dereito a subrogación.
- O custe de alimentación das traballadoras (artigo 73 do Convenio).

Informa ao respecto o servizo xestor, o 1 de decembro, que:

*"1) A Memoria económica na que se inclúe o estudo de custos do servizo a contratar tivo en conta, entre outras cuestións, o indicado nas táboas salariais (cos datos convenientemente actualizados, dada a súa complexidade) incluídas no vixente "XII Convenio de Centros de Asistencia e Educación Infantil", fundamentalmente a efectos de estimar os custos salariais totais que se considera debería facer fronte a empresa finalmente adxudicataria. Os aspectos relativos ás estrictas relacións empresa-traballador/a (vacacións, comedor, incapacidade temporal, crédito horario das delegadas sindicais) non se detallan neste estudo de custos ao non considerarse procedente por falta de adecuación e oportunidade para a súa concreción.*

*2) O Prezo de licitación do contrato en cuestión (241.775,34 euros/ano) está por riba da media do prezo de adxudicación dos contratos de xestión do resto das escolas infantís municipais vixentes actualmente (tendo en conta que nalgunhas o prezo do contrato establécese por prezos unitarios -número de aulas en funcionamento- e que a escola en licitación é de tres aulas), segundo se indica no seguinte cadro-resumo:*

Escola infantil municipal	N.º expediente	Período vixencia contrato	Número de aulas en funcionamento	Prezo anual do contrato (euros)
EIM Atalaia-Teis (1)	17.066-332	01/01/2016-31/12/2021	4-6 aulas (*)	175.989,00
EIM Atalaia-Teis (1) (4)	24.897-332	01/01/2022-31/12/2026	3 aulas 4 aulas 5 aulas 6 aulas	179.345,88 222.748,02 248.283,48 273.399,18
EIM Tomás Alonso (1)	21.847-332	01/06/2019-31/05/2023	4-6 aulas (*)	249.405,59
EIM Bouzas (1)	21.847-332	01/06/2019-31/05/2023	4-6 aulas (*)	246.515,59
EIM Santa Cristina-Lavadores (1)	24.359-332	01/01/2021-31/12/2024	4-6 aulas (*)	269.060,00
EIM Costeira-Saiáns (1)	24.359-332	01/01/2021-31/12/2024	4-6 aulas (*)	269.060,00
EIM Navia (1)	24.685-332	08/04/2021-07/04/2025	4-6 aulas (*)	272.250,00
EIM Mestres Goldar-Castrelos (1)	16.774-332	08/04/2016-07/04/2022	4-6 aulas (*)	181.572,22

EIM Santa Marta-Casco Vello (1)	17.500-332	16/06/2017-15/06/2022	4-6 aulas (*)	186.900,00
EIM Bembrive (2) (3) (4)	25.103-332	01/09/2021-31/07/2025	3 aulas 4 aulas 5 aulas 6 aulas	201.418,42 249.809,24 280.351,25 309.635,24
En licitación citación				Prezo de li -
<b>EIM Mestres Goldar-Castrelos (2)</b>	<b>25.377-332</b>	<b>08/04/2022-07/04/2026</b>	<b>3 aulas</b>	<b>241.775,34</b>

(1) Con quenda de mañá e quenda de tarde

(2) Quenda continua de mañá

(3) Dúas liñas (dúas aulas 0-1 anos, dúas aulas 1-2 anos e dúas aulas 2-3 anos; o resto de escolas teñen só unha liña)

(4) Importe do contrato segundo prezos unitarios

(\*) Depende do alumnado da quenda de tarde, pola posibilidade de agrupamento -previsto no Decreto 329/2005-. A maioría teñen, pois, 4 aulas.

- 3) *No servizo de Educación non temos coñecemento de ningunha circunstancia de impago a traballadoras ou conflito neste sentido por parte de ningunha das empresas que actualmente xestionan escolas infantís municipais (empresas actualmente adxudicatarias de contratos de xestión: Colegio Los Milagros SL, Koala SA e Aurora, Pilar y Ana SL).*
- 4) *En relación ás afirmacións do escrito no sentido de que “Dita diferenza fai inviable economicamente o contrato ao non poder facer fronte a todas as obrigacións laborais recollidas no Convenio e lexislación vixente” ou que “...a prestación sexa economicamente inviable e, en consecuencia, que se vaian a incumprir polo adxudicatario os seus deberes laborais”, éstas non parecen adecuarse á realidade, conforme co número de empresas que se presentan ás licitacións convocadas (nas últimas licitacións, 8 empresas no expediente 25103/332, 4 no expediente 24897/332 e 6 no expediente 24685/332).*
- 5) *O punto 4 do artigo 24 do Anexo 1 do Prego de prescricións técnicas do expediente 25.377-332 indica expresamente que “O/a adxudicatario/a do servizo queda obrigado ao cumprimento estrito de cantas disposicións estean en vigor ou se dicten durante a vixencia do contrato no que se refire ao pagamento de salarios mínimos por categorías profesionais e cotas da Seguridade Social. O Concello estará facultado para levar a cabo a inspección do cumprimento desta obriga”.*
- 6) *Como se pode observar no cadro anterior, polos períodos de vixencia, o incremento das contías dos contratos para a xestión de escolas infantís municipais é considerable nos últimos anos, consecuencia das sucesivas actualizacións das táboas salariais do convenio de aplicación”.*

É preciso por de releve que, tal e como se pode apreciar na memoria económica, o servizo xestor, á hora de calcular os custes laborais tivo en conta o previsto nos artigos 100 e 101, así como no artigo 130 da LCSP, posto que neste contrato hai traballadoras con dereito a subrogación, consonte ao previsto no artigo 31 do XII Convenio de Centros de Asistencia e Educación Infantil. Así se desprende á vista das numerosas resolucións relativas a desagregación do presuposto base de licitación. Citaremos por todas a resolución 217/2020 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía que dí:



## Concello de Vigo

*“se deberán reflejar, en el PCAP -o en el documento regulador de la licitación- para el presupuesto base de licitación los costes directos e indirectos y otros eventuales gastos, así como los costes salariales estimados a partir del convenio laboral de referencia de forma desglosada y con desagregación de género y categoría profesional, y para el valor estimado del contrato se han de tener en cuenta los costes derivados de la aplicación de las normativas laborales vigentes, los costes resultantes de la ejecución material de los servicios, los gastos generales de estructura y el beneficio industrial, debiendo figurar en el PCAP para su cálculo el método aplicado por el órgano de contratación”.*

Todos estes conceptos aparecen desagregados na memoria económica deste contrato.

Os aspectos aos que se refire o recorrente, con excepción da antigüidade, son aspectos que forman parte da relación laboral entre o contratista e o seu persoal. O Concello é un terceiro alleo a estas relacións laborais nas que non debe interferir. S

Debemos de ter en conta que dos datos achegados pola empresa que presta actualmente o servizo, apreciase que o custo salarial anual actual do persoal a subrogar incluído no Anexo 3 (modificado en trámite 144 do expediente 25377-332), é de 168.364,86 € (128.620,98€ é o importe dos salarios e 39.743,88 € o das cotas a aboar polo empresario á Seguridade social), no que se inclúen todos os conceptos esixidos polo artigo 130 da LCSP, entre eles a antigüidade. E o custo salarial estimado no punto 2.a.1) da Memoria económica deste contrato é de 183.129,94 €.

Tal e como se infire do informe do servizo xestor o prezo deste contrato é superior ao de outras escolas infantís que se licitaron nos últimos anos. En todas as licitacións houbo concorrencia e se presentaron un mínimo de 4 licitadores. De feito, no momento da redacción deste informe xa se presentara unha oferta ao presente procedemento e aínda non rematou o prazo de presentación.

Así mesmo, a empresa solicita *“a inclusión dun mecanismo que permita aplicar os incrementos salariais que se poidan producir. Ben na liña de aplicar os acordados na negociación colectiva; prevendo un incremento consonte ao IPC; aplicando os incrementos porcentuais que se lle apliquen aos funcionarios municipais ou calquer outro que permita solventar esa circunstancia”.* No entanto, conforme ao artigo 103, non cabe a revisión de prezos nos contratos de servizos salvo que o período de recuperación da inversión sexa igual ou superior a cinco anos.

En consecuencia, á vista do alegado, procede propoñer ao Tribunal a desestimación desta alegación.

**-VI-**

### **Conclusiones**

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

#### **-VII-**

#### **Medidas cautelares**

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

#### **-VIII-**

#### **Acordo**

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Aprobar o presente informe.*

*2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.*

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

MEF.



**Concello de Vigo**

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez